



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dentro das actividades de apoio ao emprendemento innovador que a Axencia Galega de Innovación (GAIN) desenvolve, atópase o **programa de Aceleración da Innovación**. O noso obxectivo é dotar aos emprendedores galegos que teñan proxectos e produtos innovadores, dunha completa de rede de aceleradoras públicas ou privadas nas que desenvolver o seu modelo de negocio con maiores garantías de éxito.

Por iso, comprácenos anunciar a convocatoria da **I Edición de 'Connecting for Good Galicia'**, programa impulsado en colaboración con Vodafone e a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (Amtega) e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, para desenvolver **iniciativas emprendedoras de innovación social dixital**.

A finalidade de 'Connecting for Good Galicia' é apoiar a emprendedores e/ou pemes de recente creación cuxos proxectos de negocio contribúan á innovación social, en concreto, aqueles que resolvan algún reto social no ámbito da educación, saúde, participación cidadá, ou calquera dos recollidos na Axenda Dixital de Galicia 2020, valorando especialmente o **enfoque inclusivo cara os colectivos de persoas con discapacidade e de persoas maiores**.

O programa, de seis meses de duración, seleccionará a **6 proxectos** para madurar a súa idea de negocio a través de formación especializada, mentoring e apoio económico. Os proxectos seleccionados contarán cun **patrocinio de 2.000 euros** outorgado por GAIN e un **cheque de recursos humanos**, outorgado pola Fundación Vodafone, para a formación e contratación dunha persoa con discapacidade que se incorpore ao equipo de traballo.

O proxecto mellor valorado desta I Edición recibirá unha achega a fondo

perdido de 25.000 euros de GAIN e poderá acceder a un préstamo reembolsable doutros 25.000 euros concedido por XesGalicia, a través do Fondo de Capital Risco Galicia Iniciativas Emprendedoras. Ademais, a Fundación Vodafone outorgará o Premio “Conectados pola Accesibilidade” de 10.000 euros, ao proxecto que mellor incorporase os principios de accesibilidade universal.

O prazo para a presentación de candidaturas remata o próximo 30 de setembro. As bases da convocatoria e o formulario de inscrición atópanse no seguinte enderezo: <http://www.fundacionvodafone.es/premio/i-edicion-vodafone-connecting-good-galicia>.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).